

## TAREFA 2: "ACTIVA-T TUI! #ECORETO2"



**MESTRA: JENNY (Titora 6º EI)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL**

**CONTEXTO: 4º, 5º e 6º de educación infantil**

**CURSO: 2021/2022**

## ÁMBITO NATURAL E SOCIAL

### 1. IDENTIFICACIÓN

#### TAREFA 2: "ACTIVA-T TUI!"

ETAPA	EDUCACIÓN INFANTIL	NIVEIS	4º, 5º E 6º INFANTIL
ÁREA/S	ENFOQUE GLOBALIZADO	MESTRAS	JENNY E DEBO

### 2. DESCRICIÓN DA TAREFA

O **PRODUTO FINAL RELEVANTE** é a gravación dun vídeo ao longo das diferentes sesións do conxunto de todas as aulas de infantil no que o alumnado aparecerá invitando á comunidade educativa ao movemento activo de Recollida de lixo que terá lugar ao final de curso no mes de xuño. Ao mesmo tempo, tamén se farán outros subprodutos como é a plantación de sementes nas aulas para dar dinamizar a nosa horta do cole (cada titora de infantil ten a misión de transplantar as sementes cando sexa apropiado co seu grupo).

### 3. XUSTIFICACIÓN DA TAREFA

Esta tarefa atópase enmarcada no **Programa Escola Verde do Plan Proxecta** no que fomos admitidas neste curso 2021/2022, polo que a súa posta en práctica garda relación coas diferentes tarefas que se desenvolveron ao longo do curso anterior (no cal tamén participamos neste programa da Consellería). O **obxectivo** principal desta tarefa é que o alumnado sexa capaz de identificar diferentes persoas relevantes no activismo medioambiental do mundo e saber que poden ser partícipes de calquera cousa que se propoñan se o obxectivo final é axudar ao planeta Terra ou a súa cidade, neste caso a Tui (recollida de lixo).

### 4. CONTEXTO

Aulas de 3 anos, 4 anos, 5 anos.

### 5. ACTIVIDADES

#### INDICADOR AVALIACIÓN 1

#### INDICADOR AVALIACIÓN 2

#### INDICADOR AVALIACIÓN 3

**1. ACTIVISTAS MEDIOAMBIENTAIS.**  
**Motivación inicial.** O alumnado será coñecedor da tarefa a desenvolver e motivarémolo para isto a través dun

A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións.

Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.

Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do



<p>personaxe animado, EcoCan, quen irá marcando diferentes Eco retos ao longo do curso e os cales terán que completar. Este segundo Eco reto comeza por coñecer persoas relacionadas co coidado do planeta e o activismo medioambiental no mundo.</p>			<p>medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</p>
<p><b>2. A ÚLTIMA ÁRBORE.</b> O Alumnado poderá ser consciente da importancia das árbores no planeta e das cousas que obtemos gracias á natureza. Comprenderán nesta actividade que deben coidar o medio natural e que as árbores e as plantas son seres vivos e crecen como as persoas.</p>	<p>A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións.</p>	<p>Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p>	<p>Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</p>
<p><b>3. EU TAMÉN QUERO SER WANGARI.</b> Coa motivación da historia de Wangari Maathai converterémonos nela e</p>	<p>A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións.</p>	<p>Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</p>	



<p>plantaremos sementes na nosa horta igual que fixo ela no seu país. Ademais, faremos un retrato moi orixinal.</p>			
<p><b>4. ACTÍVA-T TUI!</b> Chegou o momento de gravar o video para as familias e invitalas a que participen con nós na recollida de lixo pola nosa cidade. E ti, queres que Tui sexa verde? Activa-T Tui!</p>	<p>Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</p>	<p>Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</p>	<p>Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</p>
<p><b>ACTIVIDADES</b></p>	<p><b>PASO 1</b></p>	<p><b>PASO 2</b></p>	<p><b>PASO 3</b></p>
<p><b>1. ACTIVISTAS MEDIOAMBIENTAIS.</b> <b>Motivación inicial.</b> O alumnado será coñecedor da tarefa a desenvolver e motivarémolo para isto a través dun personaxe animado, Ecocan, quen irá marcando diferentes Ecoretos ao longo do curso e os cales terán que completar. Este segundo Ecoreto comeza por</p>	<p><b>1.1. "VIDEO ECOCAN".</b> Nova misión que envía Ecocan, o segundo Ecoreto. Nesta ocasión envía un vídeo no que Axudamos a Ecocan a descubri-lo.</p>	<p><b>1.2. CÍRCULO.</b> "Que sabes sobre o coidado do medio natural?". Apuntamos ideas previas coa técnica do Brainstorming, onde toda idea será válida. <b>SOPORTE 1</b></p>	<p><b>1.3. Procura de información: Persoas activistas polo coidado do medio natural. Wangari Maathai.</b> No vídeo de Ecocan coñecemos a Greta Thunberg aínda que en infantil centrarémolos en Wangari (libro conto da súa vida e a súa</p>




<p>coñecer persoas relacionadas co coidado do planeta e o activismo medioambiental no mundo.</p>	<p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=wwFEhD8653Y&amp;ab_channel=CEIPN1TUI">https://www.youtube.com/watch?v=wwFEhD8653Y&amp;ab_channel=CEIPN1TUI</a></p> <p><b>**VARIANTE 3 ANOS:</b></p> <p><a href="https://youtu.be/ZPp7h_K2sA8">https://youtu.be/ZPp7h_K2sA8</a></p>		<p>causa: reforestación masiva).          Quen é, onde vive, que fai ou fixo para axudar ao planeta?          Visualización de vídeos e diapositivas da súa vida:  <a href="https://www.rtve.es/infantil/serie/lunnis/video/wangari-maathai/5737329/">https://www.rtve.es/infantil/serie/lunnis/video/wangari-maathai/5737329/</a></p> <p><b>1.4. EXPERIMENTO: Auga contaminada? “Cando as plantas beben”.</b> Farán hipóteses (<b>SOPORTE 2</b>) acerca do que pensan sobre se unha árbore alimentase de auga contaminada. Facemos o experimento para visualizalo. Que lle pasaría as árbores de Wangari se “beberan” esta auga?</p>
--	--	--	---



			<p><i>** se hai tempo cubrirán o soporte do que foi o que aconteceu no experimento?</i></p> <p><b>SOPORTE 3</b></p>
<p><b>2. A ÚLTIMA ÁRBORE.</b> O Alumnado poderá ser consciente da importancia das árbores no planeta e das cousas que obtemos gracias á natureza. Comprenderán nesta actividade que deben coidar o medio natural e que as árbores e as plantas son seres vivos e crecen como as persoas.</p>	<p><b>2.1. Círculo.</b> Lembramos a historia de Wangari e a súa labor social e observamos o que aconteceu no experimento que fixemos na sesión anterior. Respondemos a cuestión: Por que pensas que as árbores son tan importantes para o planeta e as persoas? <b>SOPORTE 4</b></p> <p><a href="https://youtube.com/shorts/auhAvPYqWE?feature=share">https://youtube.com/shorts/auhAvPYqWE?feature=share</a></p>	<p><b>2.2. Rutina:</b> "Que pasaría se... se unicamente quedase unha árbore no mundo? Recolleremos as ideas no <b>SOPORTE 5</b></p> <p><b>2.3. Lectura do conto: "El último árbol".</b></p>	<p><b>2.4. EXPERIMENTO: Cantos anos ten unha árbore?</b> Medimos os anos dunha árbore e despois xogamos a medirnos co metro. Gravamos nun pequeno video os resultados. Trátase de que o alumnado sexa capaz de observar que as árbores son seres vivos e que temos funcións vitais en común (nacemos, crecemos...) <b>SOPORTE 6</b></p>
<p><b>3. EU TAMÉN QUERO SER WANGARI.</b> Coa motivación da historia de Wangari Maathai converterémonos nela e</p>	<p><b>3.1. CÍRCULO.</b> 3.1. "Pero... como nace unha árbore?"</p>	<p><b>3.2. "Eu tamén quero ser Wangari".</b> Elaboraremos semilleiros nas clases, os cales despois pasarán a formar parte da</p>	



<p>plantaremos sementes na nosa horta igual que fixo ela no seu país. Ademais, faremos un retrato moi orixinal.</p>		<p>nosa horta do cole (cada titora encargárase de transplatalos cando chegue o seu momento).</p> <p>*TAMÉN FAREMOS O EXPERIMENTO NA VENTÁ COAS BOLSAS ZIP (alumnado 4 e 5 anos) PARA OBSERVAR COMO CRECE UNHA SEMENTE E PODER VISUALIZAR AS SÚAS RAÍCES.</p> <p><a href="https://peques.uniovi.es/encasa/-/asset_publisher/4bR1/content/despertamos-semillas?redirect=%2Fencasa">https://peques.uniovi.es/encasa/-/asset_publisher/4bR1/content/despertamos-semillas?redirect=%2Fencasa</a></p>	
---	--	---	--



<p><b>4. ACTÍVa-T Tui!</b> Chegou o momento de gravar o video para as familias e invitalas a que participen con nós na recollida de lixo pola nosa cidade. E ti, queres que Tui sexa verde? Actíva-T Tui!</p>	<p><b>4.1. ACTÍVa-T Tui!</b> Recollida de lixo para o alumnado de 3 anos a modo de proba para a gran recollida como movemento activo a nivel de toda a comunidade educativa.</p> <p><b>4.2. Gravación da nosa parte do vídeo.</b> Dispoñemos deste tempo para o produto final (invitación familias). ACTÍVATE TUI.</p>	<p><b>*Variantes para 4 e 5 anos.</b></p> <p><b>4.1. ACTÍVa-T Tui! Gravación da nosa parte do video.</b> Dispoñemos deste tempo para o produto final (invitación familias).</p> <p><b>4.2. "Pero... si é certo! SOMOS WANGARI! SOMOS ACTIVISTAS".</b> Crearemos un debuxo libre a modo retrato de Wangari de xeito individual. Coa app Chatterpix daremoslle vida ao debuxo facendo que todos os seus retratos cobren vida e transmitan unha mensaxe para o resto da comunidade educativa na que reivindiquen a importancia do coidado do medio natural e das árbores e a fauna en concreto (recopilaremos as mensaxes nun video para compartir coas familias).</p>	<p><b>4.3. VIDEO OU CARTA FINAL ECOCAN</b> felicitación ao grupo pola superación do segundo ECORETO.</p> <p><a href="https://youtu.be/lk7xPJjuGQ">https://youtu.be/lk7xPJjuGQ</a></p> <p><b>4.4. CÍRCULO FINAL.</b> Compartimos as experiencias en gran grupo e pensamos no que nos gustaría volver a facer e no que non nos gustaría volver a facer das cousas que levamos a cabo durante estes días.</p>
---	--	---	--

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS DIDÁCTICOS	TEMPORALIZACIÓN
<p><b>1. ACTIVISTAS MEDIOAMBIENTAIS.</b></p> <p><u>Motivación inicial.</u> O alumnado será coñecedor da tarefa a desenvolver e motivarémolo para isto a través dun personaxe animado, Ecocan, quen irá marcando diferentes Ecoretos ao longo do curso e os cales terán que completar. Este segundo Ecoreto comeza por coñecer persoas relacionadas co coidado do planeta e o activismo medioambiental no mundo.</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>VIDEO MOTIVACIÓN INICIAL, FOTOGRAFÍAS IMPRESAS, IPAD, ORDENADOR, PROXECTOR, SOPORTES, LIBRO WANGARI</p>	<p><b>MARTES</b></p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:30</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:35</p> <p>AULA 5 ANOS: DE 9:00 A 10:40</p>
<p><b>2. A ÚLTIMA ÁRBORE.</b> O Alumnado poderá ser consciente da importancia das árbores no planeta e das cousas que obtemos gracias á natureza. Comprenderán nesta actividade que deben coidar o medio natural e que as</p>	<p>AULAS 3, 4, 5 ANOS</p>	<p>GRAN GRUPO</p>	<p>PROXECTOR, MATERIAIS PARA EXPERIMENTOS,</p>	<p><b>XOVES</b></p> <p>AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:30</p> <p>AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:35</p> <p>AULA 5 ANOS: DE 9:00 A 10:40</p>



árbores e as plantas son seres vivos e crecen como as persoas.				
<b>3. EU TAMÉN QUERO SER WANGARI.</b> Coa motivación da historia de Wangari Maathai converterémonos nela e plantaremos sementes na nosa horta igual que fixo ela no seu país. Ademais, faremos un retrato moi orixinal.	AULAS 3, 4, 5 ANOS	GRAN GRUPO E PEQUENOS GRUPOS	IPAD, TRONCOS DE ÁRBORES, METROS, SOPORTES, SEMENTES, TARROS DE IOGUR	<b>MARTES</b>  AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:30  AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:35  AULA 5 ANOS: DE 9:00 A 10:40
<b>4. ACTÍVa-T Tui!</b> Chegou o momento de gravar o video para as familias e invitalas a que participen con nós na recollida de lixo pola nosa cidade. E ti, queres que Tui sexa verde? Actíva-T Tui!	AULAS 3, 4, 5 ANOS	GRAN GRUPO	IPAD, PROXECTOR, VIDEO FINAL	<b>XOVES</b>  AULA DE 3 ANOS: 9:20-10:30  AULA 4 ANOS: DE 9:10 A 10:35  AULA 5 ANOS: DE 9:00 A 10:40


## 6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESCALA DE VALORACIÓN: A CUBRIR POLA MESTRA DE ÁMBITO PARA CADA ALUMN@


ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DIRECTAMENTE OBSERVABLE	SEN DIFICULTADE	EN PROCESO	CON DIFICULTADE
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identifica normas básicas para a conservación do contorno.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).</li> </ul>			

# AVALIACIÓN FINAL POR PARTE DA COORDINADORA DE ÁMBITO


A coordinadora tomará nota ao longo das sesións que se van a desenvolver coa posta en práctica da tarefa e realizará unha avaliación diaria da propia práctica docente. Utilizará o soporte DIXITAL que aparece no seguinte link:  
[https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFiq1YpQRc\\_rWxwbXcHk/edit?usp=drive\\_web](https://docs.google.com/forms/u/1/d/1uZqc3JOM693CG2dpHZDB3ukWFiq1YpQRc_rWxwbXcHk/edit?usp=drive_web)



**SOPORTE 6.** Cantos anos ten unha árbore?



**SOPORTE 4.** Tarxetas por que son importantes as árbores para as persoas e a natureza.



**SOPORTE 5.** Que pasaría se... unicamente quedara unha árbore no mundo enteiro?